

DECRETO

Asunto: Cacharela e sardiñadas a celebrar en terreos públicos ou privados de uso público durante a festividade de San Xoán

Feitos.

En relación coa solicitude presentada que deseguido se indica con motivo da celebración de cacharela/sardiñada o día 23 de xuño (noite de San Xoán) nas localizacións que se detalla na seguinte táboa

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	INTERESADO	NIF	LOCALIZACIÓN	REFERENCIA CATASTRAL	ASUNTO
6627/2022	[REDACTED]	44808646-T	[REDACTED]	G-15913171	Lugar de Raíces, parroquia de Biduido	-----	Sardiñada.
6627/2022	[REDACTED]	51402016-Y	[REDACTED]	G-15913171	Lugar de Raíces, parroquia de Biduido	-----	Pequena cacharela simbólica.
6760/2022	[REDACTED]	36106091-R	[REDACTED]		Lugar de A Igrexa, parroquia de Ortoño	9744709NH3494S0001OX	Cacharela

II. Consideracións legais.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Obrigación de resolver. *Artigo 21.1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos, calquera que for a súa forma de iniciación.*

- Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. artigo 5.f), 16 e 21.

Á vista da documentación existente nos expedientes, o concelleiro de Administración xeral e urbanismo, previa delegación da Alcaldía (decreto 1835/2022 de 14/06/2022) e segundo as atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Autorizar a realización das cacharelas/sardiñadas o día 23 de xuño (noite de San Xoán) nas localizacións públicas ou privadas de uso público que se detallan na seguinte táboa

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	INTERESADO	NIF	LOCALIZACIÓN	REFERENCIA CATASTRAL	ASUNTO
6627/2022	[REDACTED]	44808646-T	[REDACTED]	G-15913171	Lugar de Raíces, parroquia de Biduido	-----	Sardiñada.
6627/2022	[REDACTED]	51402016-Y	[REDACTED]	G-15913171	Lugar de Raíces, parroquia de Biduido	-----	Pequena cacharela simbólica.
6760/2022	[REDACTED]	36106091-R	[REDACTED]		Lugar de A Igrexa, parroquia de Ortoño	9744709NH3494S0001OX	Cacharela

SEGUNDO. Deberanse cumprir as seguintes normas:

1. Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os seguintes números de teléfono para comunicar incidencias de ser o caso:

POLICÍA LOCAL: 619 767 575

PROTECCIÓN CIVIL DE AMES: 673 178 888
EMERXENCIAS:112

2. Zona urbana.- O volume de combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro, e 6 metros de perímetro, nin os 2 de altura.
- 3.- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano. Poñerase especial coidado de non situálas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables, nin vehículos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- 4.-Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- 5.-En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprais), aínda que estean baleiros.
- 6.-No suposto de que a cacharela/sardiñada se faga sobre terreos de uso públicos enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
- 7.- A fogueira permanecerá vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos con auga, e asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, e poida dificultarse a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse.
- 8.- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.-
- 9.- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- 10.- É obrigatorio cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- 11.-O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

TERCEIRO. Dar traslado a Policía Local e a Protección Civil de Ames para a comprobación do cumprimento das normas respecto das cacharelas e sardiñadas autorizadas

O Concelleiro Administración xeral e urbanismo
Delegación de sinatura (Decreto 1835/2022 de 14/06/2022)
Victor Manuel Fernández
(Asinado dixitalmente)

A secretaria.

Rosa Ana Prada Queipo.
(Asinado dixitalmente).